

ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA

PROTOCOLO DE EMERXENCIA ANTE UN POSIBLE CASO DE COVID-19 DURANTE AS ACTIVIDADES

A Asociación Xuvenil XentenoVA elabora este protocolo seguindo as recomendacións e exigencias das autoridades sanitarias relacionadas coa crise sanitaria do COVID-19. **Dito protocolo terá que ser lido e aceptado por todos os participantes, animadores/as e traballadores que asistan ás actividades da entidade** durante a crise sanitaria actual.

Segundo exigen as autoridades sanitarias, **a entidade nomeará unha persoa responsable ou coordinadora COVID-19 da actividade**. Dita persoa será a responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento. Será tamén a encargada de contactar coa Xefatura Territorial de Sanidade correspondente se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste.

No caso de que, durante a actividade, se produza a manifestación de síntomas relacionados co COVID-19 por parte dos participantes ou do equipo de animadores, o protocolo de emerxencia a seguir pola entidade será o seguinte:

1. Comunicarase esta circunstancia canto antes ao monitor do grupo, que será o encargado de poñer en marcha, xunto coa persoa coordinadora COVID19, o oportuno protocolo de illamento.
2. **A persoa participante que presente este tipo de síntomas será trasladada a un lugar illado**, no que deberá permanecer e portar máscara cirúrxica.
3. Unha vez confirmados os síntomas, **a entidade porase en contacto co número de teléfono 900 400 116, ou 061 no caso de existir sintomatoloxía severa**, para trasladar toda a información do caso e esperar instrucións; así como á Xefatura Territorial de Sanidade correspondente. Ante a a posible petición por parte das autoridades sanitarias, **a entidade estará obrigada a facilitar o teléfono do pai/nai/titor legal do participante en cuestión**, que dará a súa autorización ao aceptar este documento.
4. **Avisarase tamén ao pai/nai/titor legal da persoa participante, aos que se terá plenamente informados do avance da situación**, así como da decisión que finalmente tomen as autoridades sanitarias.
5. **O persoal monitor encargado do grupo** no que estivese a persoa participante, en colaboración coa persoa coordinadora COVID-19, **encargarase de revisar o círculo de contactos estreito do grupo do neno/a posible afectado/a, co fin de facilitar a actuación da Xefatura Territorial de Sanidade** e seguindo sempre as súas instrucións. Mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19, procurarase que os seus posibles contactos estreitos teñan a menor interacción posible co resto dos participantes. **Cabe a posibilidade de que a entidade tamén teña que facilitar as autoridades sanitarias os teléfonos dos pais/nais/titores dos demais nenos posibles afectados**.
6. A maiores das pautas anteriores, en todo momento se seguirán as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.

E para que así conste, asino en Vigo, a 5 de Xullo de 2020



Asociación Xuvenil
CIF.: G-36.636.538
www.xentenoVA.org
Ana Pita Fernández
Presidenta da A.X. XentenoVA